

## XVIII CERTAME DE DEBUXO INFANTIL SOBRE O NADAL

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de BEGONTE —entidade promotora do Belén Electrónico— co patrocinio da CAIXA RURAL DE LUGO, co fin de potencia-lo espírito do Nadal nos nenos, convoca o

### XVIII CERTAME DE DEBUXO INFANTIL SOBRE "O NADAL"

dacordo coas seguintes BASES:

1. Poden concurrir tódolos nenos, de menos de 15 anos, a través dos seus colexios.

2. Establécense dúas categorías:

- A. – Ata os 10 anos
- B. – De 11 a 15 anos

3. Concederanse os seguintes premios:

A. – 3 primeiros premios, dotados con 5.000 ptas. e trofeo.  
5 segundos premios, dotados con 3.000 ptas. e trofeo.

B. – 3 primeiros premios, dotados con 5.000 ptas. e trofeo.  
5 segundos premios, dotados con 3.000 ptas. e trofeo.

4. Os temas serán libres dentro do tema xenérico "O NADAL". O tamaño dos orixinais será como mínimo de 1/2 folio e máximo de 1 folio. Deberán ser presentados en cartulina.

5. Cada colexio non poderá remitir máis de 25 traballos para cada categoría.

A admisión de orixinais rematará o día 24 de decembro do presente ano, debendo ser entregados ou remitidos ó Centro Cultural "JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN", de Begonte (Lugo).

### Entidades colaboradoras:

– CONSELLERÍA DE CULTURA E XUVENTUDE  
Dirección Xeral de Cultura

– CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Política Lingüística

– DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

– CAIXA GALICIA  
Aula de Cultura

– CAIXA RURAL DE LUGO

– CONCELLO DE BEGONTE

### 11-12-93

18,00.– Igrexa Parroquial de Begonte:

PREGÓN DO NADAL, a cargo de D. MANUEL REGUEIRO TENREIRO, Director Xeral de Política Lingüística.

Recital da CORAL POLIFÓNICA DE BURELA, dirixida por D. HIGINIO PÉREZ BUSTABAD.

19,00.– Inauguración do Belén Electrónico

### 29-01-94

17,00.– Salón de actos do Centro Cultural:

Entrega de premios dos Certames.

Clausura de actividades

Actuación da CORAL RENFE, de Monforte de Lemos, dirixida por D. ALFONSO CAMPOS PÉREZ.

### HORARIO DE VISITAS Ó BELÉN ELECTRÓNICO:

Laborables: 15,00 a 19,30

Festivos: 11,00 a 14,00 e 15,00 a 20,00

Grupos: Avisar previamente ó tfno. 39 61 21

# O Nadal en Begonte

XXII EDICIÓN

11-12-93 / 29-1-94



CENTRO CULTURAL  
JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN  
Belén Electrónico

## IV CERTAME GALEGO DE ARTE "JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN"

O Centro Cultural de Begonte, co patrocinio da EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE Lugo, convoca o

### IV CERTAME GALEGO DE ARTE "JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN"

dacordo coas seguintes BASES:

1. O Premio JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de arte está dotado con 250.000 pesetas e estatuíña de Sargadelos.
2. Adxudicarase á obra pictórica (considerada no senso máis amplo) que resulte seleccionada polo Xurado calificador, que estará formado por especialistas na materia xunto con representantes do centro convocante e da entidade patrocinadora.
3. Poderán optar a este premio obras de pintores galegos, de tema libre, e con tamaño máximo de 1,5 m. por 1 m., con ou sen marco.
4. Cada autor poderá presentar un máximo de dúas obras, acompañadas dos datos identificativos de obra e autor.
5. As obras, debidamente protexidas para evitar calquera deterioro, serán remitidas —libres de gastos— ó Centro Cultural de Begonte. Seranllles devoltas libres de gastos ó enderezo que indiquen.
6. O prazo de presentación remata ás 12 horas do día 25 de decembro de 1993. O Xurado seleccionará de entre as obras presentadas aquelas que deban ser expostas e —entrelas— a gañadora do Certame.
7. A obra premiada quedará en propiedade da entidade convocante. As non seleccionadas serán devoltas ós concursantes de inmediato. As seleccionadas non premiadas serán devoltas ó remate do Certame.

#### NOTAS:

- A organización establecerá un seguro con SEGUROS AEGON para as obras que se presenten ó Certame, por un importe de 50.000 pesetas cada unha.
- Enténdese por autores galegos os nados en Galicia ou residentes habituais.
- Poderase organizar unha exposición na capital lucense coas obras seleccionadas, co fin de apoia-la difusión deste Certame.

## XVIII CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte —entidade que promove o Belén Electrónico— co patrocinio da Aula de Cultura de CAIXA GALICIA, co gallo do Nadal 1993, ven de convoca-lo

### XVIII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

que se vai rexir polas seguintes BASES:

1. Poden participar tódolos poetas que o desexen, con textos en galego ou en castelán.
2. O tema dos traballos ha se-lo de O NADAL, desde calquera punto de vista.
3. Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
4. É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
5. Hanse concede-los seguintes premios:
  - PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 100.000 pesetas e estatuíña de Sargadelos.
  - SEGUNDO PREMIO, dotado con 50.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.
6. A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro de mil novecentos noventa e catro.
7. Tódolos traballos han ser presentados con plica, facendo constar dela os datos persoais do autor.

## XVIII CERTAME DE XORNALISMO "BEGONTE E O NADAL"

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELEN ELECTRÓNICO DE BEGONTE, co patrocinio da CONSELLERÍA DE CULTURA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA, e co fin de potencia-lo espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o

### XVIII CERTAME XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL"

dacordo coas seguintes BASES:

- A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e —en xeral— ó Nadal en Galicia.
- B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos presentados, dados con:  
  
PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.— 75.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.  
  
SEGUNDO PREMIO.— 25.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.
- C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de mil novecentos noventa e catro, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.
- D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan consta-los datos persoais do autor.